



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o 30 de outubro de 2024, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 22/9006

Categoría: Axudante Doutor/a

Área de Coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Docencia: 620G01013 Fisioloxía do Exercicio I; 620G01010 Fútbol e a súa Didáctica

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Tras analizar as reclamacións presentadas por D^a Yolanda Escalante González e D. José Miguel Saavedra García, a documentación presentada polas persoas candidatas, e o informe emitido pola Comisión de selección da praza 22/9006, a Comisión de Reclamacións considera que:

- os criterios de avaliación aprobados pola Comisión de Selección con data 3 de outubro de 2024 inclúen criterios específicos adicionais aos recollidos no Anexo I da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobado por acordo do Consello de goberno de 30/04/2014 (en adiante, a Normativa), posibilidade contemplada expresamente na Normativa e no propio Anexo I

- os criterios específicos e as ponderacións establecidas polas comisións poden ter en conta a adecuación dos méritos presentados polas persoas candidatas ao perfil da praza (punto 7.5 da Normativa)

- as ponderacións establecidas nos criterios de valoración específicos por parte da comisión de selección responden a unha proporcionalidade razoable entre os méritos asociados ao perfil da praza, os méritos na propia área de coñecemento e os méritos en áreas afíns

Por todo o anterior, a Comisión de Reclamacións

ACORDA

1. Ratificar a nova proposta de provisión realizada pola Comisión de Selección.
2. Facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente
A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	Zt7+0IKlKKtv+089gJNbaA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	31/10/2024 14:58:25
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Zt7+0IKlKKtv+089gJNbaA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

